

CONCURSO

*A muller na profesión da
Enxeñaría de Minas e Enerxía*

Mulle_ Rme 2022

Marzo

1.º premio: diploma e cheque de 300 €

2.ª premio: diploma e cheque de 150 €



Envía as túas
fotografías antes
do 5 de marzo

Máis información:
minaseenerxia.uvigo.es

Desenho: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

CONCURSO

A muller na profesión na
Enxeñaría de Minas e Enerxía

Mulle_Rme 2022

Marzo

- 1.º premio: diploma e cheque de 300 €
- 2.º premio: diploma e cheque de 150 €



Envía as túas
fotografías antes
do 5 de marzo
Máis información:
minaseenerxia.uvigo.es

Universidade de Vigo

Mulle_Rme 2022

A temática do concurso de fotografía Mulle_Rme é a **visibilidade da muller nas actividades relacionadas coa profesión de enxeñaría de minas e enerxía**: xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e rocas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc...

Bases de participación

1.º As imaxes deben ser orixinais e deberán amosar situación, paisaxes ou circunstancias relacionadas coas actividades anteriormente citadas e nas que a muller preséntase como protagonista activa ou polo contrario, nas que se poña de manifesto a masculinización da actividade.

2.º Admítense obras en branco e negro e en color, realizadas mediante calquera técnica fotográfica.

3.º Admitiranse un máximo de **3 obras orixinais** por autor/a, aínda que soamente unha delas poderá ser premiada.

4.º As fotografías e información das persoas participantes enviaranse en formato dixital ao email a: eme@uvigo.es directamente ou por transferencia de arquivos. Para iso, as persoas interesadas deberán crear e enviar tres arquivos:

Arquivo 1: o arquivo 1 é un arquivo txt, doc ou docx que informa sobre a identidade da persoa participante. Debe conter o nome e apelidos da persoa participante, teléfono e correo electrónico. Para manter o anonimato, cada participante identificarase mediante un alias de maneira que se gardará o arquivo cun nome que comece con MULLER1 seguido do alias escollido polo/a participante (MULLER1_alias.txt).

Arquivo 2: este arquivo é a fotografía presentada ao concurso, en formato dixital (extensións BMP, GIF, JPG, TIF e PNG) con resolución e calidade de impresión mínimas de 12 megapíxeles e 300 pp respectivamente. O nome do arquivo deberá axustarse á palabra MULLER2 seguido do nome do alias escollido.

Arquivo 3: arquivo de extensión txt, doc ou docx no que a persoa participante describe en 5 liñas a fotografía e a súa adecuación á temática. Este arquivo conterá no seu nome o termo MULLER3 seguido do alias escollido (MULLER3_alias.txt).

4.º A data límite de recepción de fotos será o **5 de marzo de 2022** ás 23:59 h. Calquera fotografía recibida despois desta data non poderá participar neste concurso.

5.º A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.

Resolución do concurso

1.º O **xurado** estará formado por un/a fotógrafo/a profesional, un membro do persoal docente de cada unha das titulacións da Escola, un membro do Persoal de Administración e Servizos da Universidade de Vigo, unha persoa representante da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo e dous representantes do alumnado da escola

2.º A decisión do xurado será publicado na páxina web da EME o día 5 de marzo de 2022.

3.º As fotografías gañadoras expóranse **temporalmente** no vestíbulo da EME xunto coas do resto de participantes. En caso de existir un número de fotografías tan elevado que non permite a súa completa exposición por motivos de espazo, o xurado do concurso será o encargado de seleccionar un número apropiado para ese efecto.

4.º A entrega de premios e o acto de inauguración da exposición temporal das fotografías terá lugar durante as xornadas previstas para a celebración do día internacional da muller no vestíbulo da EME.

5.º As fotografías presentadas a concurso pasarán a ser **propiedade exclusiva da EME**, non podendo ser utilizadas polo autor/a en outros concursos ou publicacións. A EME poderá facer o uso que considere oportuno das mesmas. Nese caso, a/s fotografía/s utilizada/s presentarán sempre unha referencia ao seu autor/a.

6.º A EME non se fai responsable da **incorrecta manipulación** do material enviado por persoas alleas a esta institución ou por extravío do correo.

7.º A decisión do xurado é inapelable.

8.º O concurso fotográfico Mulle_Rme 2022 poderá ser **anulado** se non se presenta un mínimo de fotografías.

9.º O xurado **rexeará** as fotografías que non cumpran o especificado nestas bases.

10.º A participación no concurso implicará a plena **aceptación** destas bases.

Premios

Os premios do concurso serán os seguintes:

- **Primeiro premio:** cheque por un valor de 300 €

- **Segundo premio:** cheque por un valor de 150 €

Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Os premios estarán suxeitos á retención da porcentaxe de IRPF que corresponda.

Máis información

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Campus universitario
36310 Vigo

Tel.: 986 814 077
eme@uvigo.es